

UNHA SEMANIÑA ENTEIRA.... (do luns 23 ao domingo 29 de febreiro)

Nesta 2ª actividade oral da 2ª avaliación, **imos dedicar “Unha semaniña enteira” á oralidade en galego.**

Será **do 23 ao 29 de febreiro**. Teredes que animarvos a falar galego dentro e fóra do centro:

- nas aulas, na rúa, na casa, nos adestramentos, nas academias, no conservatorio...
- con coñecidos, con descoñecidos, con familiares, con amizades...

Como mostra da vosa experiencia diaria **deberedes enviar un pequeno audio diario (de non máis que 1 minuto de duración)** a través da Aula Virtual da materia. Nel realizaredes breves intervencións sobre a actividade realizada cada día (valorase a orixinalidade e a sinceridade do relato). Podedes contar:

- Como foi a vosa experiencia de empregar a lingua galega nesas situacións.
- Como vos sentistes: **reflexión, sentimentos**, pensamentos e **acontecementos** en relación co emprego da **lingua**.
- Que vos dixeron os vosos interlocutores.

Algunhas das situacións comunicativas que vos propoñemos son as seguintes, pero pode haber moitas máis, calquera que se vos ocorra:

- Ir a unha tenda do barrio (que frecuentes habitualmente): panadaría, froitaría...
- Cos compañeiros/as e adestradores/as dunha actividade extraescolar: deportiva, musical, artística...
- Cos profesores/as, bedeis, persoal da limpeza e da cafetaría no instituto.
- Cos compañeiros a través das redes social ou xogos en liña.
- En tendas onde non adoites ir todos os días: cafetarías, cine, biblioteca, conservatorio....
- A través do teléfono con familiares que non vivan na cidade: avós, tíos, curmáns...
- Coa familia coa que convives: comendo, vendo a televisión, xogando a un xogo de mesa...

RECORDADE:

- Hai que facer **un audio diario** de non máis dun minuto de duración.
- En total ten que haber 7 audios.
- **Ao comezo de cada audio teredes que especificar que día da semana**; a continuación explicar a vosa experiencia, pensamentos, reflexións, como vos sentistes....